



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de
Ordenación Académica e Titulacións

Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro. s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981/582499, Fax. 981/588522

O Acordo de Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995 co obxecto de facilita-la conclusión dos estudos no seu apartado 15 autorizaba unha inscrición para a convocatoria extraordinaria de exames para tódolos alumnos, con independencia do plano de estudos que estiveran cursando, que lles faltaran como máximo tres materias para concluí-los seus estudos. Esta inscrición é parte da matrícula ordinaria da que só se derivan dúas convocatorias de exame.

Tradicionalmente os alumnos que lles faltaran tres materias para concluí-los seus estudos formalizaban unha matrícula que lle permitía concorrer á convocatoria de exames de Fin de Carreira. Esta matrícula era compatible coa matrícula ordinaria, como consecuencia disto os alumnos tiñan ata tres convocatorias de exame no curso académico.

Estímase conveniente recupera-la posibilidade de que os alumnos que ó inicio do curso non lle falten máis de tres materias para concluí-los seus estudos poidan ter tres convocatorias de exame no curso académico. Sen perxuízo de que para o vindeiro curso académico se realice unha convocatoria específica de exames, para o presente curso, e para conseguí-los efectos desexados, é procedente habilita-la convocatoria do mes de setembro para os alumnos que esgotaran as dúas convocatorias de exame.

**POLO EXPOSTO A XUNTA DE GOBERNO, NA SUA SESION DO 15-2-96,
ACADOU O SEGUINTE ACORDO**

PRIMEIRO.- Os alumnos que o inicio do presente curso académico lles faltaran tres materias para remata-los seus estudos e solicitaran concorrer á convocatoria extraordinaria de exames, se esgotasen as dúas convocatorias entre a convocatoria extraordinaria e a primeira convocatoria ordinaria por ser cualificados con suspenso, poderán formalizar matrícula nas materias que lle resten para finaliza-los seus estudos para concorrer á convocatoria de exames de setembro do presente curso académico.

SEGUNDO.- A matrícula deberá formalizarse en tódalas materias que lle resten para concluí-los seus estudos.

TERCEIRO.- O prazo de matrícula será entre o 22 e 29 de xullo.